



L2002214 FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN NA AULA VIRTUAL (15 horas)

Relator: **Marco Antonio López Grande** (profesor de Tecnoloxía no IES Río Miño)

Curso impartido por **videoconferencia que consta de 12 horas presenciais a través da videoconferencia e 3h de elaboración de tarefas na aula virtual.**

Datas: **(luns e mércores) días: 8,10,15,17 e 24 de marzo en horario de 18:00 a 20:30h (*)** a data e horario da última sesión pode sufrir cambios en función das datas de avaliación dos asistentes

Os contidos desta actividade constitúen un achegamento ás ferramentas que ofrece Moodle para integrar a avaliación na aula virtual.

- **Introdución:** a avaliación e o rol docente na aula virtual: achegamento por niveis ao papel que deben desenvolver os docentes no ensino semipresencial na avaliación, dende a presentación do proceso de aprendizaxe, o acompañamento e o feedback para a avaliación formativa.
- **Creación de bancos de preguntas e cuestionarios:** utilidade dos cuestionarios para a elaboración de probas ou a recollida de información, configuración técnica na plataforma (diferentes posibilidades: tempo límite, número de intentos, penalización por intento...).
- **Métodos de cualificación de tarefas:** configuración dos tipos de avaliación que moodle ofrece cando o alumnado fai entrega de tarefas a través da plataforma, vantaxes e desvantaxes de cada unha delas.
 - Cualificación directa.
 - Rúbrica.
 - Guía de corrección.
- **Obradoiros de avaliación:** configuración de obradoiros de auto e coavaliación para o alumnado.
- **Creación de enquisas:** recollida de información das persoas usuarias da aula virtual.
- **Configuración do cualificador en Moodle e seguimento do completado de actividade:** o cualificador como ferramenta para o seguimento do progreso por parte de docentes e alumnado. Posibilidades de configuración ponderada de tarefas para axustar o seguimento á programación didáctica.

Os materiais e prácticas desenvolveranse no curso creado a tal efecto na aula virtual do CFR de Lugo así como o enlace á videoconferencia estará dispoñible na aula virtual do CFR. En breve recibiredes os datos de acceso á mesma.

A coordinadora.

Teresa Reija Santiso
Asesora de formación de FP
CFR de Lugo
Telef: 982 25 10 68